

A etiquetaxe só será efectuada polo laboratorio preparador nas súas instalacións centrais.

3. A partir do día 1 de agosto de 2000, o prezo de venda ó público das especialidades farmacéuticas que cambian de prezo pola aplicación das novas marxes será o que figure coas siglas M.E. a que se refire o número anterior ou o que resulte de realizar sobre o antigo prezo a minoración correspondente.

A facturación das receitas de especialidades farmacéuticas a cargo do Sistema Nacional de Saúde, cerrada ata o 31 de xullo de 2000, liquidarase cos prezos anteriores. As facturacións cerradas a partir de 1 de agosto de 2000, liquidaranse cos novos prezos e a escala de deducións recollida no artigo 3 deste real decreto lei.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Habílitase o goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

O disposto no presente real decreto lei ten o carácter de lexislación de aplicación xeral dictada ó abeiro do artigo 149.1.16.º da Constitución.

Disposición derradeira terceira.

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erratas publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 154, de data 28 de xuño de 2000.)

11836 REAL DECRETO LEI 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos. («BOE» 151, do 24-6-2000, e 154, do 28-6-2000.)

I

O principal obxectivo da política económica desenvolvida polo Goberno é lograr un ritmo de crecemento económico que permita continuar aproximando os niveis de renda per cápita e de emprego de España ós das economías máis desenvolvidas. Para isto, a política económica debe mante-la liña xa emprendida e avanzar no proceso de liberalización e flexibilización do marco económico no que operan os axentes productivos.

A participación do noso país na moeda única supón un novo contorno de actuación no que se transferiu a responsabilidade da política monetaria ó Banco Central Europeo, perdeuse o tipo de cambio como instrumento

de ganancia de competitividade nominal e a política fiscal axústase ós compromisos adquiridos no Pacto de Estabilidade e Crecemento.

Neste marco, favorable á estabilidade macroeconómica, a política de oferta adquire unha singular relevancia, posto que se constitúe no instrumento esencial para asegura-lo mantemento dun crecemento elevado e xerador de emprego. Así, esta política debe buscar dous obxectivos fundamentais. Por unha parte, dota-la oferta productiva española da flexibilidade necesaria para lles facer fronte ós aumentos de demanda sen xerar desequilibrios macroeconómicos. Por outra, incentiva-la capacidade de crecemento potencial da nosa economía, como elemento de garantía do proceso de converxencia real. Para a obtención destes fins é condición imprescindible a existencia duns mercados de bens e servizos cun elevado nivel de competencia, o que permitirá o xurdimento de novas oportunidades de investimento e unha evolución adecuada dos custos unitarios de produción da economía española.

Pola súa vez, en liña co acordado no Consello Europeo de Lisboa, resulta imprescindible establecer condicións competitivas en mercados vitais para a actividade económica para promove-la incorporación de novas tecnoloxías e incentiva-lo acceso xeneralizado da nosa poboación á denominada «sociedade do coñecemento».

Adicionalmente, dado o forte incremento da actividade económica experimentada pola economía española nos últimos trimestres, este tipo de medidas adquire unha especial relevancia e urxencia co obxecto de garanti-la permanencia no tempo desta fase de expansión económica.

En síntese, o obxectivo fundamental das medidas contidas no presente real decreto lei, que forma parte dun paquete global de medidas de liberalización da economía española, é aumenta-la capacidade de crecemento potencial e a produtividade da nosa economía, bases do proceso de converxencia dos niveis de renda e emprego cos do resto de países da Unión Europea.

II

O título I conságrase á liberalización dos mercados enerxéticos, incidindo naqueles aspectos que dificultan ou retardan unha competencia efectiva e dando unha maior transparencia que lle permita ó consumidor tomar decisións cun adecuado nivel de información.

En canto ós hidrocarburos líquidos, actúase, por un lado, establecendo as condicións para a apertura do accionariado da principal compañía loxística e garantindo a publicidade das condicións e prezos que se practican a través da Comisión Nacional de Enerxía. Por outro, promóvese a instalación das estacións de servizo en grandes superficies e limitase o número de instalacións de venda de produtos petrolíferos dos grandes operadores. Por último, imponse a obriga de comunica-los prezos practicados polas distintas estacións de servizo, co obxecto de informar puntualmente os consumidores. Trátase, polo tanto, de facilita-la comercialización por xunto con actuacións na loxística primaria e de promover unha maior competencia na distribución polo miúdo.

No sector do gas natural, as actuacións van encaixadas fundamentalmente a facilita-la entrada de novos comercializadores, a mellora-la xestión técnica do sistema gasista e a acelera-lo calendario de liberalización. Para iso, ábrese o accionariado da principal empresa transportista, á que se lle encomendan as funcións do xestor técnico do sistema, figura que se crea, co que se consegue unha maior obxectividade e transparencia na utilización de instalacións de transporte. Ademais, asígnaselle o 75 por 100 do gas procedente de Alxeria, a través do gasoducto do Magreb, ó citado xestor técnico do sistema, quen deberá utilizar este gas para submi-

nistración a tarifas, e o 25 por 100 restante destínase ó mercado liberalizado mediante un procedemento obxectivo e transparente. Por último, adiántase o calendario de liberalización, co que a apertura do mercado será do 72 por 100 a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei e completa para tódolos consumidores o 1 de xaneiro de 2003, e redúcese o período de exclusividade dos distribuidores situados nunha determinada zona xeográfica.

Respecto do sector eléctrico, avánzase na introdución de competencia, limitando o incremento de nova potencia instalada ós grupos eléctricos que teñen unha cota significativa e establecendo a obriga de que determinadas instalacións de produción en réxime especial con dereito a incentivo acudan ó mercado por xunto para verte-los seus excedentes. Ademais, facilítase a intervención de novos operadores no sistema eléctrico mediante a instrumentación de novas formas de contratación dos comercializadores e séntanse as bases para a adquisición de enerxía eléctrica a prazo.

Por outra parte, continúaase afondando na liberalización da subministración eléctrica. Así, por un lado, facilítase o exercicio da condición de consumidor cualificado mediante a simple certificación da empresa distribuidora para aqueles consumidores que non desexen actuar como axentes do mercado. Por outro, desenvólvese unha estrutura de tarifas de acceso ás redes que lles permita ós grandes consumidores accederen ó mercado como consumidores cualificados a prezos competitivos. Nesta mesma liña, establécese a total liberalización da subministración de enerxía eléctrica a partir do 1 de xaneiro do ano 2003 e a supresión das tarifas de subministración de enerxía eléctrica en alta tensión o 1 de xaneiro de 2007.

Así mesmo, facilítase a transparencia de información sobre os consumidores cualificados para que tódolos axentes poidan dispor dela, salvagardando, en todo caso, o dereito a mante-la confidencialidade dos seus datos.

Por último, o incremento da demanda e o reparto da eficiencia fan posible unha redución do cobramento da garantía de potencia dos xeradores e a fixación de límites por central eléctrica para o dereito ó cobramento da prima ó consumo de carbón autóctono, o que favorecerá a baixada dos prezos do mercado de produción. Pola súa vez, durante o período 2001-2003 mantense o obxectivo de redución das tarifas dos consumidores non cualificados, os cales ata o 2003 non poderán elixir subministrador.

En materia de defensa da competencia, o aumento do número e a transcendencia dos casos de concentracións aconsella a adopción de novos mecanismos que reforcen o sistema de control e eficacia deste. Con este fin, o capítulo I do título II deste real decreto lei introduce diversas modificacións referentes ó control de concentracións previsto na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. En concreto, establece a suspensión da execución da operación ata que esta non sexa autorizada e, en coherencia, redúcese os prazos de tramitación do expediente. Adicionalmente, clarifícase a intervención de oficio polo Servicio de Defensa da Competencia e prevénse a paralización da tramitación de expedientes.

O capítulo II do título II pretende previ-la coordinación de comportamentos competitivos de operadores de determinados mercados en proceso de liberalización derivada da presenza de accionistas comúns. Con este fin, establécense certas limitacións á presenza simultánea no Consello de Administración de operadores competidores nos ditos mercados, así como ó exercicio dos dereitos de voto correspondentes ó capital destes.

No título III deste real decreto lei, relativo á fe pública, basicamente, introdúcese un principio de competencia nesta actividade, ó posibilita-la aplicación de descontos

nos aranceis dos notarios, ademais de recoller unha rebaixa nos aranceis de rexistradores da propiedade e mercantís.

No título IV recóllense outras medidas liberalizadoras. En primeiro lugar, en materia de libros de texto e co obxecto de aumenta-lo grao de competencia no sector, liberalízase totalmente o desconto que os libreiros vendedores polo miúdo poden facer sobre o prezo de venda ó público fixado polo editor ou o importador.

En segundo lugar, en relación cos colexios profesionais, afóndase na liberalización do exercicio das profesións colexiadas, eliminando as barreiras que poden limitar-los beneficios da colexiación única.

En terceiro lugar, no capítulo relativo ó ámbito financeiro, introdúcese unha reforma destinada a aumenta-la transparencia nos folletos informativos relativos á formalización de préstamos hipotecarios, en canto ós dereitos dos prestameiros de participaren na designación dos axentes intervinientes na operación. Así mesmo, e considerando a forte caída dos tipos de xuro nos últimos anos e a redución do espectro de moedas de emisión de activos, redúcense os límites máximos que as xestoras de fondos de investimentos poden establecer en concepto de comisións de xestión.

O capítulo IV deste título ten por obxecto aumenta-lo grao de competencia no mercado de tabacos e, en particular, flexibiliza os requisitos esixidos ós distribuidores por xunto.

O capítulo V introduce algunhas reformas no sector da distribución comercial, flexibilizando os horarios comerciais.

Por último, no capítulo VI, coa finalidade de fomentar un uso máis adecuado das prestacións por incapacidade temporal, outórgaselles ós médicos das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais a capacidade de daren altas e baixas por esta situación.

Na adopción destas medidas que, como xa se indicou, se integran no conxunto máis amplo das que adopta o Goberno, concorre, pola natureza e finalidade delas, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que esixe o artigo 86 da Constitución para a utilización do real decreto lei, requisito imprescindible, como recordou, por outra parte, a xurisprudencia constitucional.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía e dos ministros de Educación, Cultura e Deporte, de Xustiza, e de Traballo e Asuntos Sociais, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2000, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución,

DISPONGO:

TÍTULO I

Mercados enerxéticos

CAPÍTULO I

Hidrocarburos líquidos

Artigo 1. *Ampliación do accionariado da Compañía Logística de Hidrocarburos (CLH).*

1. Ningunha persoa física ou xurídica poderá participar directa ou indirectamente no accionariado da «Compañía Logística de Hidrocarburos, Sociedad Anónima» (CLH), nunha proporción superior ó 25 por 100 do capital ou dos dereitos de voto da entidade.

A suma das participacións, directas ou indirectas, daqueles accionistas con capacidade de refinamento en España non poderá supera-lo 45 por 100.

Para os efectos de computar-la participación neste accionariado, atribuiránselle a unha mesma persoa física ou xurídica, ademais das accións ou outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes ó seu mesmo grupo, tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, aquelas das que a titularidade corresponda:

a) A aquelas persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión. Entenderase, salvo proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma concertada con ela os membros do seu órgano de administración.

b) Os socios xunto ós que aquela exerza o control sobre unha entidade dominada conforme o previsto no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En todo caso terase en conta tanto a titularidade domiñal das accións e demais valores como os dereitos de voto que se teñan en virtude de calquera título.

2. Co fin de lle dar cumprimento ó disposto neste artigo, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, a «Compañía Logística de Hidrocarburos, Sociedad Anónima» presentarlle un plan de actuacións á Secretaría de Estado de Economía, da Enerxía e da Pequena e Mediana Empresa, que terá carácter confidencial e se elevará para a súa aprobación á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, que se pronunciará sobre o conxunto do plan.

3. Os dereitos de voto correspondentes ás accións ou outros valores que posúan as persoas que participen no capital da dita sociedade excedendo das porcentaxes máximas sinaladas neste precepto quedarán en suspenso mentres non se adecue a cifra de participación no capital ou nos dereitos de voto, estando lexitimada para o exercicio das accións legais tendentes a facer efectivas as limitacións impostas neste artigo a Comisión Nacional de Enerxía.

4. O incumprimento da limitación na participación no capital á que se refire o presente artigo considerarase infracción moi grave nos termos sinalados no artigo 109 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sendo responsables as persoas físicas ou xurídicas que resulten titulares dos valores definidos no presente artigo. En todo caso, será de aplicación o réxime sancionador previsto na dita lei.

Artigo 2. *Información sobre condicións de acceso de terceiros a instalacións de transporte e almacenamento de produtos petrolíferos.*

1. Engádesse un parágrafo segundo ó número 1 do artigo 41 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, co seguinte contido:

«Os titulares de instalacións fixas de almacenamento e transporte de produtos petrolíferos que, de acordo co previsto no parágrafo anterior, deban permiti-lo acceso de terceiros, deberán comunicarlle á Comisión Nacional de Enerxía os contratos que subscriban, a relación de prezos pola utilización das referidas instalacións, así como as modificacións que se produzan neles. A Comisión Nacional de Enerxía fará pública esta información nos termos previstos na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, número 4, desta lei.»

2. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 41 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, pasa a se-lo parágrafo terceiro do precepto.

Artigo 3. *Instalacións de subministración a vehículos en grandes establecementos comerciais.*

1. Os establecementos que, de acordo co artigo 2.3 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo, teñan a consideración de gran establecemento comercial, incorporarán entre os seus equipamentos, polo menos, unha instalación para subministración de produtos petrolíferos a vehículos, para o abastecemento dos cales, con carácter preferente, non poderán subscribir contratos de subministración en exclusiva cun só operador por xunto de produtos petrolíferos. Estas instalacións deberán cumprir-las condicións técnicas de seguridade que sexan esixibles, así como o resto da normativa vixente que, en cada caso, sexa de aplicación, en especial a referente a metroloxía e metrotecnica e á protección de consumidores e usuarios.

2. Nos supostos a que se refire o parágrafo anterior, o outorgamento das licencias municipais requiridas polo establecemento levará implícita a concesión das que fosen necesarias para a instalación de subministración de produtos petrolíferos.

Artigo 4. *Restricción da capacidade de apertura de novas estacións de servizo.*

Un. Os operadores por xunto de produtos petrolíferos no mercado nacional que teñan un número de instalacións para subministración a vehículos incluídas na súa rede de distribución no momento de entrada en vigor do presente real decreto lei superior ó 30 por 100 do total nacional non poderán incrementalo número das ditas instalacións durante un período de cinco anos. Estes prazos computaranse desde a entrada en vigor do presente real decreto lei.

Se a dita porcentaxe é inferior ó 30 por 100 pero superior ó 15 por 100, o período durante o cal non poderán aumenta-lo número de instalacións para subministración a vehículos da súa rede de distribución será de tres anos.

Para os efectos de computar-la porcentaxe anterior, teranse en conta as seguintes regras:

a) Considéranse integrantes da mesma rede de distribución tódalas instalacións que o operador por xunto teña en réxime de propiedade, tanto nos casos de explotación directa como no caso de cesión a terceiros por calquera título, así como aqueles casos nos que o operador por xunto teña subscritos contratos de subministración en exclusiva co titular da instalación.

b) Entenderase que forman parte da mesma rede de distribución todas aquelas instalacións de subministración a vehículos a titularidade dos cales, segundo o disposto na alínea anterior, corresponda a unha entidade que forma parte dun mesmo grupo de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Dous. Os operadores por xunto de produtos petrolíferos deberán enviar no prazo dun mes, contado desde a entrada en vigor deste real decreto lei, unha listaxe de tódalas instalacións para subministración a vehículos que forman parte da súa rede de distribución definida de acordo co número 1, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, na que se incluírán os datos identificativos de cada instalación, así como o tipo de vínculo contractual polo que se inclúe na rede.

Os titulares ou xestores de instalacións de subministración a vehículos non vinculados a un operador deberán comunicarlle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas os datos anteriores no mesmo prazo.

No mes de xaneiro de cada ano, os operadores por xunto notificarán as altas e baixas que se producen no ano anterior na súa rede de distribución.

Tres. O incumprimento das limitacións impostas no parágrafo anterior considerarase infracción moi grave nos termos sinalados no artigo 109 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sendo responsables as persoas físicas ou xurídicas que resulten titulares das instalacións de subministración a vehículos. En todo caso será de aplicación o réxime sancionador previsto na dita lei.

Catro. O Goberno, mediante real decreto, poderá variar as porcentaxes e os prazos anteriores en función da evolución do mercado e a estrutura empresarial do sector.

Artigo 5. *Información sobre os prezos nas estacións de servizo.*

Os titulares das instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos a vehículos deberán remitirle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, coa periodicidade que se estableza e, en todo caso, cando exista unha modificación de prezos, os datos sobre os produtos ofrecidos, así como o seu prezo e marca, en caso de abandeiramento.

Os operadores por xunto de produtos petrolíferos remitirán esta información de tódalas instalacións da súa rede de distribución definidas de acordo co punto 1 do artigo 4 do presente real decreto lei na que se inclúen todas aquelas subministradas en exclusiva polo operador.

Mediante orde do Ministerio de Economía determinarase a forma en que estes datos terán que ser remitidos. Regulamentariamente, regularase a forma e condicións na que os anteriores datos poderán ser reexpedidos a teléfonos móbiles.

Esta información, que ten carácter de pública, poderá ser obxecto de difusión por parte do Ministerio de Economía, tanto mediante publicacións periódicas como por medios telemáticos.

O incumprimento desta obriga será considerado infracción administrativa grave, resultando de aplicación as disposicións do título VI da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Artigo 6. *Utilización de biocombustibles.*

1. O Goberno promoverá a utilización dos biocombustibles a que se refire a disposición adicional décimo sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, garantindo, en todo caso, a calidade final dos produtos comercializados.

2. Créase a Comisión para o estudo do uso dos biocombustibles presidida polo Ministerio de Economía da que formarán parte representantes do Ministerio de Facenda; de Medio Ambiente; de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de Ciencia e Tecnoloxía, que, no prazo de seis meses desde a súa constitución, elevará un informe á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos no que se aborden as implicacións fiscais, ambientais e económicas derivadas da utilización dos ditos biocombustibles, así como as medidas que poidan ser implantadas para a promoción do seu uso e, en concreto, as actuacións en materia de I+D+I dirixidas a conseguir unha redución dos seus custos de produción.

CAPÍTULO II

Gases combustibles por canalización

Artigo 7. *Modificación do título IV «Ordenación da subministración de gases combustibles por canalización» da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Un. Modifícase o artigo 58, da seguinte forma:

Suprímese o segundo parágrafo da alínea a).

Inclúese unha nova alínea b), coa seguinte redacción:

«b) O xestor técnico do sistema, que será aquel transportista que sexa titular da maioría das instalacións da rede básica de gas natural, terá a responsabilidade da xestión técnica da rede básica e das redes de transporte secundario, definida de acordo co artigo 59.»

As antigas alíneas b) e c) pasan a ser alíneas c) e d), respectivamente.

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 59, que queda redactado da seguinte forma:

«As redes de distribución comprenderán os gasoductos con presión máxima de deseño igual ou inferior a 16 bares e aqueles outros que, con independencia da súa presión máxima de deseño, teñan por obxecto conducir gas a un único consumidor partindo dun gasoducto da rede básica ou de transporte secundario.»

Tres. No artigo 60 da lei realízanse as seguintes modificacións:

No número 1 substitúese «a que se refire o artigo 58» por «a que se refiren as alíneas a), c) e d) do artigo 58».

O número 3 queda redactado da seguinte forma:

«3. Para os efectos da adquisición de gas, os consumidores clasifícanse en:

Consumidores cualificados, entendendo por tales aqueles dos que as instalacións situadas nun mesmo lugar teñan en cada momento o consumo previsto na disposición transitoria quinta. Estes consumidores poderán adquirir gas ós comercializadores en condicións libremente pactadas ou directamente.

Consumidores non cualificados, que adquirirán o gas ós distribuidores en réxime de tarifa.

Para atender os consumos a tarifa que se realicen no ámbito da súa rede, os distribuidores adquirirán gas ós transportistas.»

Catro. No artigo 61 inclúense os números 3 e 4, coa seguinte redacción:

«3. A partir do 1 de xaneiro do ano 2003, ningún suxeito ou suxeitos pertencentes a un mesmo grupo de empresas de acordo co artigo 42 do Código de comercio que actúen no sector de gas natural poderán achegar no seu conxunto gas natural para o seu consumo en España nunha contía superior ó 70 por 100 do consumo nacional.

Para os efectos do cálculo da porcentaxe a que se refire o parágrafo anterior non se considerarán os autoconsumos que se poidan realizar.

4. O Goberno, mediante real decreto, poderá variar as porcentaxes establecidas no número anterior, en función da evolución e da estrutura empresarial do sector.»

Cinco. No artigo 63 realízanse as seguintes modificacións:

Inclúese un novo número 3, coa seguinte redacción:

«3. As sociedades titulares dalgunha instalación comprendida na rede básica de gas natural, definida no punto 2 do artigo 59 deberán ter como único obxecto social no sector gasista a actividade de transporte definida na alínea a) do artigo 58,

e poderán incluír entre os seus activos gasoductos da rede secundaria de transporte, debendo levar na súa contabilidade interna contas separadas das actividades de regasificación, almacenamento e transporte.»

Inclúese un novo número 5, coa seguinte redacción:

«5. O xestor técnico do sistema deberá levar contas separadas que recollan os gastos e ingresos imputables á actividade de xestión técnica do sistema.»

O antigo número 3 pasa a se-lo número 6.

O antigo número 5 pasa a se-lo número 7.

Seis. Inclúese un novo artigo 64, coa seguinte redacción:

«Artigo 64. *O xestor técnico do sistema.*

1. O xestor técnico do sistema, como responsable da xestión técnica da rede básica e de transporte secundario, terá por obxecto garanti-la continuidade e seguridade da subministración de gas natural e a correcta coordinación entre os puntos de acceso, os almacenamentos, o transporte e a distribución.

O xestor do sistema exercerá as súas funcións en coordinación cos distintos suxeitos que xestionan ou fan uso do sistema gasista baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia.

2. As actividades de xestión técnica que realice o xestor do sistema serán retribuídas adecuadamente conforme o disposto no capítulo VII deste título.

3. Serán funcións do xestor técnico do sistema as seguintes:

a) Determinar e controla-lo nivel de garantía de abastecemento de gas natural do sistema a curto e medio prazo.

b) Prever a curto e medio prazo a utilización de instalacións do sistema, así como das reservas de gas natural, de acordo coa previsión da demanda.

c) Imparti-las instrucións necesarias para a correcta explotación do sistema de gas natural e o seu transporte de acordo cos criterios de fiabilidade e seguridade que se establezan. Así mesmo, impartirá as instrucións precisas ós transportistas para axusta-los niveis de emisión de gas natural á demanda do sistema gasista.

d) Coordinar e modificar, se é o caso, os plans de mantemento de instalacións de forma que se asegure o seu funcionamento e dispoñibilidade para garanti-la seguridade do sistema.

e) Establecer e controla-las medidas de fiabilidade do sistema de gas natural, así como os plans de actuación para a reposición do servizo en caso de fallos xerais na subministración de gas natural, e coordinar e controla-la súa execución.

f) Imparti-las instrucións de operación ás instalacións de transporte, incluídas as interconexións internacionais.

g) Desenvolver aquelas outras actividades relacionadas coas anteriores que sexan convenientes para o funcionamento do sistema, así como calquera outra función que lle sexa atribuída polas disposicións vixentes.

h) Proporlle ó Ministerio de Economía o desenvolvemento da rede básica de gas natural e a ampliación e/ou extensión dos almacenamentos.

i) Proporlle ó Ministerio de Economía os plans de emerxencia que considere necesarios, detallando as existencias dispoñibles, a súa situación e período de reposición delas, así como as súas revisións anuais. Estes plans e as súas revisións anuais serán obxecto de aprobación ou modificación pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

j) Da-las ordes oportunas para que as empresas titulares das redes de transporte e dos almacenamentos fagan funciona-las súas instalacións de tal forma que se asegure a entrega de gas nas condicións adecuadas nos puntos de saída do sistema.

k) Para realizar e controla-la súa actuación, o xestor do sistema levará a cabo os programas de entregas que regulamentariamente se determinen.

l) Xestiona-las entradas de gas natural nos gasoductos nacionais ou saídas de produción nacional nas plantas de recepción, almacenamento e regasificación e dos almacenamentos operativos e estratéxicos. Así mesmo, controlará as saídas de gas natural ós consumidores cualificados e ás empresas distribuidoras.

m) O control dos almacenamentos.

n) Efectua-lo cálculo e aplicación do balance diario de cada suxeito que utilice a rede gasista e as existencias operativas e estratéxicas daquel.

o) Executar, no ámbito das súas funcións, aquelas decisións que sexan adoptadas polo Goberno en execución do previsto na presente lei.»

Sete. O artigo 64 da Lei 34/1998 pasa a ser artigo 65 dela, coa seguinte redacción para o número 1:

«1. O Ministerio de Economía, logo do informe da Comisión Nacional de Enerxía, aprobará a normativa de xestión técnica do sistema que terá por obxecto propicia-lo correcto funcionamento técnico do sistema gasista e garanti-la continuidade, calidade e seguridade da subministración de gas natural, coordinando a actividade de tódolos transportistas.»

Suprímese o número 3.

Oito. Suprímese o artigo 65 «Comité de Seguimento do Sistema Gasista».

Novo. Dáselle a seguinte redacción á alínea f) do artigo 68:

«f) Proporcionarlle a calquera outra empresa que realice actividades de almacenamento, transporte e distribución, e ó xestor do sistema, suficiente información para garantir que o transporte e o almacenamento de gas poida producirse de maneira compatible co funcionamento seguro e eficaz da rede interconectada.»

Dez. O número 1 do artigo 73 modifícase, de forma que queda coa seguinte redacción:

«1. Considéranse instalacións de distribución de gas natural os gasoductos con presión máxima de deseño igual ou inferior a 16 bares e aqueles outros que, con independencia da súa presión máxima de deseño, teñan por obxecto conducir o gas a un único consumidor, partindo dun gasoducto da rede básica de transporte secundario.»

Once. A alínea c) do artigo 81 queda redactada como segue:

«c) Realiza-lo desenvolvemento da súa actividade coordinadamente co xestor do sistema, os transportistas e os distribuidores.»

Doce. No artigo 83 realízanse as seguintes modificacións:

Inclúese unha nova alínea f), coa seguinte redacción:

«f) Manter un sistema operativo que asegure a atención permanente e a resolución das incidencias que, con carácter de urxencia, poidan presentarse nas instalacións receptoras dos consumidores cualificados.»

As antigas alíneas f) e g) da lei pasan a denominarse g) e h), respectivamente.

Trece. Realízanse as seguintes modificacións no artigo 96:

O título do artigo modifícase polo seguinte: «Cobramento e liquidación das tarifas, portaxes e canons».

Engádense un terceiro e cuarto parágrafo, co seguinte contido:

«As portaxes e canons polo uso da rede gasista serán cobrados polas empresas que realicen as actividades de transporte e distribución, que deberán darlle ás cantidades ingresadas a aplicación que proceda de acordo co previsto nesta lei.

Reglamentariamente establecerase o procedemento de reparto dos fondos ingresados polos transportistas e distribuidores entre os que realicen as actividades incluídas no sistema gasista, atendendo á retribución que lle corresponda de conformidade coa presente lei.»

Catorce. Engádese un segundo parágrafo no artigo 100, co seguinte contido:

«Nos casos en que esta competencia lle corresponda á Administración xeral do Estado, a inspección e control das existencias mínimas de seguridade e a diversificación será realizada pola Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos a que fai referencia o artigo 52. Reglamentariamente determinarase o funcionamento e participación dos suxeitos que actúan no sector gasista como membros da dita corporación.»

Artigo 8. *Hidrocarburos gasosos. Réxime económico.*

O Goberno, mediante real decreto, aprobará no prazo de seis meses un sistema económico integrado do sector do gas natural, que inclúa o modelo para o cálculo das tarifas de gas natural e das portaxes e canons aplicables ó uso por terceiros da rede gasista, o sistema para determinar a remuneración que corresponda a cada un dos titulares das instalacións gasistas e o procedemento de reparto dos ingresos totais entre os distintos axentes que actúan no sector gasista.

O sistema deberá seguir os criterios e principios recollidos no capítulo VII do título IV da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, modificando, polo tanto, o sistema actual de cálculo das tarifas industriais de gas natural baseado en enerxías alternativas por un sistema baseado en custos.

O novo sistema aplicarase a partir do 1 de xaneiro do ano 2001.

Artigo 9. *Modificación da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Modifícase o punto terceiro, número 3, da disposición adicional décimo primeira, que queda redactado da seguinte forma:

«En relación co sector gasista, corresponderalle á comisión, ademais das funcións a que se refire o número 1 anterior, as seguintes:

Efectúa-las propostas de liquidación correspondentes ós ingresos obtidos por tarifas e portaxes relativas ó uso das instalacións da rede básica, transporte secundario e distribución a que fai referencia o artigo 96, que elevará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para a súa aprobación.

Resolve-los conflitos que lle sexan presentados en relación coa xestión técnica do sistema de gas natural.»

Artigo 10. *Xestor do sistema.*

Engádeselle unha nova disposición adicional vixésima á Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, coa seguinte redacción:

«A entidade "Enagas, Sociedad Anónima" terá a consideración de xestor técnico do sistema gasista.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá participar directa ou indirectamente no accionariado de "Enagas, Sociedad Anónima", nunha proporción superior ó 35 por 100 do capital social ou dos dereitos de voto da entidade.

Para efectos de computar a participación no devandito accionariado, atribuiránselle a unha mesma persoa física ou xurídica, ademais das accións ou outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes ó seu mesmo grupo, tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, aquelas das que a titularidade corresponda:

a) A aquelas persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión. Entenderase, agás proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma concertada con ela os membros do seu órgano de administración.

b) Os socios xunto ós que aquela exerza o control sobre unha entidade dominada conforme o previsto no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En todo caso, terase en conta tanto a titularidade dominial das accións e demais valores como os dereitos de voto que se teñan en virtude de calquera título.

Os dereitos de voto correspondentes ás accións ou outros valores que posúan as persoas que participen no capital da dita sociedade excedendo das porcentaxes máximas sinaladas neste precepto quedarán en suspenso mentres non se adecue a cifra de participación no capital ou nos dereitos de voto, estando lexitimada para o exercicio das accións legais tendentes a facer efectivas as limitacións impostas neste precepto a Comisión Nacional de Enerxía.

O incumprimento da limitación na participación no capital á que se refire o presente artigo considerárase infracción moi grave nos termos sinalados no artigo 109 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sendo responsables as persoas físicas ou xurídicas que resulten titulares dos valores ou a quen resulte imputable o exceso de participación no capital ou nos dereitos de voto, de conformidade co disposto no parágrafo anterior. En todo caso, será de aplicación o réxime sancionador previsto na dita lei.

Co fin de lle dar cumprimento ó previsto no presente artigo, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, "Enagas, Sociedad Anónima", xestor técnico do sistema gasista, presentará un plan de actuacións á Secretaría de Estado de Economía, da Enerxía e da Pequena e Mediana Empresa. Este plan terá carácter confidencial e elevarase para a súa aprobación á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, que se pronunciará sobre o conxunto do plan.»

Artigo 11. *Modificación da disposición transitoria quinta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Modifícase a disposición transitoria quinta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactada da seguinte forma:

«1. Para os efectos previstos no artigo 60, terán a consideración de consumidores cualificados aqueles consumidores nas instalacións dos cales, localizadas no mesmo sitio, o consumo anual se adecue en cada momento ó seguinte calendario:

Aqueles cun consumo igual ou superior a 3.000.000 de Nm³ no momento da entrada en vigor deste real decreto lei.

Aqueles cun consumo igual ou superior a 1.000.000 de Nm³ o 1 de xaneiro do ano 2002.

A partir do 1 de xaneiro do ano 2003, tódolos consumidores, independentemente do seu nivel de consumo, terán a consideración de cualificados.

2. En todo caso, terán a consideración de consumidores cualificados as centrais produtoras de electricidade, así como os coxeradores.

3. Durante o período de tres anos seguintes ó momento en que un consumidor exerceuse por primeira vez os dereitos que lle confire a condición de cualificado, o dito consumidor poderá optar por seguir adquirindo o gas a un comercializador nas condicións libremente pactadas ou adquirírllo ó distribuidor a tarifas.»

Artigo 12. *Modificación da disposición transitoria sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Modifícase a disposición transitoria sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactada da seguinte forma:

«Ata o 1 de xaneiro do ano 2005, as tarifas, portaxes e canons regulados na presente lei incluírán un termo de conexión e seguridade do sistema, que será satisfeito por tódolos consumidores de gas natural e que terá por obxecto asegurar unha rendibilidade razoable a aqueles investimentos en instalacións da rede básica e de transporte secundario destinadas a dotar da adecuada seguridade o sistema de gas natural, que fosen obxecto de concesión antes da entrada en vigor desta lei.»

Artigo 13. *Modificación da disposición transitoria novena da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A disposición transitoria novena queda redactada da seguinte forma:

«Con obxecto de avaliar correctamente a aplicación do novo sistema de portaxes, tarifas e canons e evitar posibles distorsións na regulación

do dereito de acceso ás instalacións de terceiros, o disposto no artigo 92.2 da presente lei aplicarase nun prazo non superior a dous anos contados desde a data en que tódolos consumidores teñan a condición de cualificados.»

Artigo 14. *Modificación da disposición transitoria décimo quinta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A disposición transitoria décimo quinta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda redactada da seguinte forma:

«Sobre a zona de distribución de gas natural dunha concesión que, de acordo coa disposición adicional sexta da presente lei, devíñese en autorización, non poderán concederse novas autorizacións para a construción de instalacións de distribución ata o 1 de xaneiro do ano 2005 ou ata a vixencia da concesión orixinal se o prazo é anterior á dita data, debendo cumprir, neste período, as empresas autorizadas, as obrigas de servizo público de desenvolvemento e extensión das redes, impostas en virtude da concesión, e salvo saturación da capacidade das súas instalacións. Todo isto sen prexuízo do previsto no artigo 78 da presente lei.»

Artigo 15. *Aplicación do gas procedente do contrato de Alxeria.*

Engádeselle a seguinte disposición transitoria á Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos:

«Disposición transitoria décimo sexta. O titular do contrato de aprovisionamento de gas natural procedente de Alxeria e subministrado a través do gasoducto do Magreb asignará un 75 por 100 do gas proveniente deste a "Enagas, Sociedad Anónima", que o venderá ós distribuidores para a súa venda ós consumidores a tarifas e o 25 por 100 restante a comercializadores para a súa venda a consumidores cualificados.

Antes do 31 de decembro de 2000 fixarase, por orde do ministro de Economía, o procedemento para a aplicación do 25 por 100 destinado ós comercializadores, que deberá ser transparente e non discriminatorio e se realizará a un prezo que inclúa o custo de adquisición da materia prima máis unha retribución en concepto de gastos de xestión que se fixará regulamentariamente. Cada comercializador non poderá acceder a máis dun 25 por 100 do gas destinado ó mercado liberalizado, poderá considerarse a exclusión deste en función da posición relativa no mercado e considerará a posibilidade de aplicar as cantidades non cubertas polas peticións dos comercializadores ó mercado a tarifas a través da empresa "Enagas, Sociedad Anónima".

A partir do 1 de xaneiro do ano 2004, o gas natural procedente deste contrato aplicarase preferentemente á subministración a tarifas.»

CAPÍTULO III

Sector eléctrico

Artigo 16. *Nova disposición transitoria na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Engádesese unha disposición transitoria décimo sétima na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«Un. Os produtores de enerxía eléctrica cunha potencia eléctrica instalada en réxime ordinario en todo o territorio peninsular, á entrada en vigor do presente real decreto lei, que exceda do 40 por 100 do total, non poderán incrementala potencia instalada durante un prazo de cinco anos. Se a participación na dita potencia instalada é inferior ó 40 por 100 pero superior ó 20 por 100, o prazo será de tres anos. Ámbolos prazos se computarán desde a entrada en vigor do presente real decreto lei.

O Goberno, mediante real decreto, poderá variar as porcentaxes e prazos a que se refire o parágrafo anterior en función da evolución e a estrutura empresarial do sector.

Para os efectos de computar as anteriores porcentaxes, teranse en conta as seguintes regras:

a) Inclúranse nestas porcentaxes tódalas instalacións que o produtor teña en réxime de propiedade, tanto nos casos de explotación directa como no suposto de cesión a terceiros por calquera título, así como aqueles casos nos que o produtor teña suscritos contratos de explotación en exclusiva co titular da instalación.

b) Entenderase que pertencen ó mesmo produtor todas aquelas instalacións de produción de enerxía eléctrica a titularidade das cales, segundo o disposto na alínea anterior, corresponda a unha entidade que forme parte do mesmo grupo, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 28/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Dous. Quedarán excluídas do estipulado no punto anterior aquelas novas instalacións de xeración que á entrada en vigor do presente real decreto lei rematasen o trámite de información pública a que se refire o Real decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas.

Aquelas instalacións que iniciasen o procedemento administrativo de autorización con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto lei e non rematasen o trámite de información pública, poderán ser autorizadas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a continuar co dito procedemento, logo do informe da Comisión Nacional da Enerxía, atendendo á estrutura do mercado de xeración e ás necesidades de potencia instalada do sistema eléctrico.

Tres. En todo caso, os produtores de electricidade que puideren verse afectados polo previsto na presente disposición poderán solicitar autorizacións de novas instalacións, sen incrementala capacidade instalada, condicionadas ó pechamento ou venda de instalacións de produción de potencia equivalente.»

Artigo 17. *Obriga de determinadas instalacións de produción en réxime especial a realizar ofertas económicas ó operador do mercado.*

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 da disposición transitoria oitava da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado da seguinte forma:

«Aquelas instalacións de produción de enerxía eléctrica, cunha potencia instalada igual ou inferior a 5 MW, que á entrada en vigor da presente lei estean acollidas ó réxime previsto no Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións hidráulicas, de coxeración e outras abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, así como aque-

las ás que se refire a disposición adicional segunda do citado real decreto, manterán este réxime, en canto subsista a retribución dos custos de transición á competencia das empresas produtoras de enerxía eléctrica a que se refire a disposición transitoria sexta.»

Dous. Engádesse un número 3 na disposición transitoria oitava da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«Aquelas instalacións de autoprodutores, cunha potencia superior a 5 MW, que utilicen a coxeración ou outras formas de produción térmica de electricidade asociadas a actividades non eléctricas sempre que supoñan un alto rendemento enerxético e satisfagan os requisitos de rendemento que se determinen tanto acollidas ó Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro, como ó Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, poderán realizar ofertas económicas ó operador do mercado para cada período de programación, para os efectos de verte-los seus excedentes de enerxía eléctrica, de forma individualizada ou por mediación dun axente vendedor.

Estas instalacións terán dereito a percibir pola súa produción ou excedentes de enerxía eléctrica o prezo resultante da casación de ofertas e demandas de enerxía eléctrica, máis 1,5 pesetas/kWh en concepto de garantía de potencia ou a cantidade que se determine regulamentariamente.»

Tres. Engádesse un parágrafo ó final do artigo 23 do Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, coa seguinte redacción:

«Os titulares das instalacións con potencia eléctrica instalada superior a 50 MW acollidos ó Real decreto 2366/1994 estarán obrigados a realizar ofertas económicas ó operador do mercado para cada período de programación, para os efectos de verte-los seus excedentes de enerxía eléctrica.

Estas instalacións terán dereito a percibir pola súa produción ou excedentes de enerxía eléctrica o prezo resultante do sistema de ofertas, máis 1,5 pesetas/kWh en concepto de garantía de potencia ou a cantidade que se determine regulamentariamente.»

Catro. Autorízase o Goberno, mediante real decreto, a modifica-las obrigas de realización de ofertas ó mercado, así como os prezos que se percibirán polos seus excedentes de enerxía eléctrica das instalacións de produción en réxime especial acollidas ó Real decreto 2366/1994 que se regulan no número anterior do presente artigo.

Cinco. Non obstante o disposto nos números anteriores, o ministro de Economía dirixiralle á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, antes do 31 de decembro de 2000, unha proposta de medidas para incentivar a participación dos produtores en réxime especial no mercado de produción.

Artigo 18. *Cesión ás empresas distribuidoras dos excedentes de enerxía eléctrica de determinadas instalacións de produción en réxime especial.*

Un. Modifícase o número 5 do artigo 19 do Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, que queda redactado da forma seguinte:

«Os titulares das instalacións dos grupos b.6, b.7, b.8, c.1, c.2, c.3, d.1, d.2 e d.3, definidos no artigo 2 do presente real decreto con potencias

superiores a 10 MW, deberán comunicarlle á empresa distribuidora, a título informativo, o réxime de excedentes eléctricos previstos en cada un dos períodos de programación do mercado de produción de enerxía eléctrica. Deberán comunicarse as previsións dos 24 períodos de cada día con, polo menos, trinta horas de antelación respecto ó inicio do dito día.

Os titulares das instalacións dos grupos a.1 e a.2, definidos no artigo 2 do presente real decreto con potencias superiores a 10 MW, deberán comunicarlle á empresa distribuidora, con carácter obrigatorio, o réxime de excedentes eléctricos previstos en cada un dos períodos de programación do mercado de produción de enerxía eléctrica. Deberán comunicarse as previsións dos 24 períodos de cada día con, polo menos, trinta horas de antelación respecto ó inicio do devandito día.

Se as previsións realizadas polos titulares das instalacións a que fai referencia o parágrafo anterior, se desviasen respecto da produción real nunha cantidade superior, tanto á alza como á baixa, nun 5 por 100, o prezo unitario que percibirán os titulares desas instalacións por cada kWh vertido á rede do distribuidor, reducirase na porcentaxe que se obteña de dividi-lo desvío real pola cantidade total de enerxía entregada ou, se é o caso, será repercutido polo distribuidor segundo o custo que teña que soportar por causa destes desvíos.

Se os titulares das instalacións anteriores estiveran conectados á rede de transporte, deberánlle comunicar obrigatoriamente estas previsións a "Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima".

Os titulares das instalacións de réxime especial que realicen ofertas de venda de enerxía eléctrica a través do operador do mercado, non estarán obrigadas a realiza-la comunicación a que se refire este artigo.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo ó final da disposición transitoria primeira do Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, coa seguinte redacción:

«O previsto no número 5 do artigo 19 será de aplicación ós titulares das instalacións acollidas ó Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica, por instalacións hidráulicas, de coxeración e outras abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, se tivesen unha potencia superior a 10 MW.»

Tres. Facúltase o Goberno, mediante real decreto, para modifica-las obrigas dos produtores en réxime especial que se regulan no presente artigo.

Artigo 19. *Total liberalización da subministración no 2003.*

Uno. A partir do 1 de xaneiro do 2003, tódolos consumidores de enerxía eléctrica terán a consideración de consumidores cualificados.

Dous. As empresas eléctricas distribuidoras, a partir do 1 de xaneiro de 2003, terán a obriga de facilitar en aluguer os aparellos necesarios para a medida de enerxía eléctrica a tódolos consumidores de baixa tensión.

O prezo do aluguer dos ditos equipos será fixado polo Goberno, mediante real decreto, e actualizarase anualmente ou cando circunstancias especiais o aconsellen.

Tres. O ministro de Economía dirixirá ó Goberno antes do 1 de xaneiro de 2001 unha proposta de estrutura e actualización de prezos das tarifas de acceso esta-

blecidas no Real decreto 2820/1998, do 23 de decembro, adaptándose ó novo marco de liberalización da subministración que se producirá a partir do 1 de xullo de 2000 e do 1 de xaneiro de 2003.

Catro. O 1 de xaneiro de 2007 desaparecerán as tarifas de subministración de enerxía eléctrica de alta tensión.

Artigo 20. *Reducción de requisitos para exercer-la condición de consumidor cualificado.*

Un. Engádeselle un novo artigo 21 bis ó Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, coa seguinte redacción:

«1. Non se inscribirán no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados os consumidores cualificados que non desexen actuar como axentes no mercado de produción, abondando para acreditar-lo seu dereito a ser consumidor cualificado a certificación sobre a característica do seu consumo ou nivel de tensión de subministración expedido pola empresa ou empresas distribuidoras coas que estea conectado.

2. Os consumidores cualificados que pretendan adquirir enerxía eléctrica no mercado de produción para o seu propio consumo deberán inscribirse no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.

A solicitude de inscrición dirixirase ó órgano competente da comunidade autónoma onde estea situado o punto de subministración ou instalación respecto do cal o consumidor cualificado pretenda exercer-la dita condición, xunto coa certificación da empresa distribuidora a que se fai referencia no número 3 do presente artigo. No caso de auto-productores, ademais, deberán xunta-lo certificado da empresa distribuidora da enerxía que cedesen ás súas redes en cada punto no último ano, así como unha certificación propia dos autoconsumos realizados durante o mesmo período. A comunidade autónoma, no prazo máximo dun mes, dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía da solicitude presentada e da documentación que a acompañe.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, á vista da documentación presentada, procederá, se é o caso, á formalización da inscrición previa no rexistro quen lla notificará ó interesado. Esta notificación da inscrición previa será considerada requisito suficiente para dar cumprimento ó previsto no artigo 4.a) do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro.

Procederáse á inscrición do consumidor cualificado no rexistro unha vez que este adquira a condición de axente do mercado, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro. Para isto deberá dirixirse a solicitude de inscrición á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía xunto coa documentación que acredite a súa condición de axente do mercado.

O prazo máximo entre a emisión da certificación da inscrición previa no rexistro e a solicitude da inscrición será de tres meses. Se non se solicita a inscrición nese prazo, procederáse a archivar-lo expediente e a anula-la inscrición previa no rexistro.

3. As empresas eléctricas distribuidoras remitirán gratuitamente, con quince días de antelación á data en que, de acordo coa normativa vixente, poida exercer-la súa condición de consumidor cua-

lificado, un certificado a tódolos consumidores conectados á súa rede de distribución, no que farán constar-lo nivel de tensión da subministración, identificación da tarifa correspondente, potencia ou potencias contratadas, o consumo mensual dos dous anos anteriores e o detalle dos datos da súa facturación do dito período.

4. As empresas distribuidoras deberán levar unha listaxe detallada dos consumidores que soliciten a certificación a que fai referencia o número anterior, diferenciando entre os que xa exerceron a súa condición de cualificados dos que non a exerceron. A listaxe será remitida anualmente á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas cos datos que se inclúen nas citadas certificacións, comunicando con carácter mensual as altas e baixas que se produzan, así como as modificacións relativas ós cambios que se produzan na tarifa de acceso ou, se é o caso, na tarifa de subministración. Así mesmo, remitirán mensualmente os datos agregados por niveis de tensión dos consumidores cualificados con indicación da potencia e enerxía, en unidades físicas e pesetas. Esta información poderá remitirse por sistema telemático.

5. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará publicidade dos datos relativos a aqueles consumidores cualificados que lle autorizasen mediante comunicación que faga fe á citada dirección xeral.»

Dous. O Goberno, mediante real decreto, poderá modifica-los requisitos e obrigas de inscrición dos consumidores cualificados no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados, así como a información que remitirán as empresas distribuidoras a que fai referencia o número un do presente artigo.

Artigo 21. *Instrumentación de novas formas de contratación dos comercializadores.*

Un. Engádense tres parágrafos ó final do artigo 21 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, coa seguinte redacción:

«Os comercializadores de enerxía eléctrica poderán realizar contratos de adquisición de enerxía eléctrica con empresas autorizadas á venda de enerxía eléctrica en países da Unión Europea ou terceiros países, así como con produtores nacionais de electricidade en réxime especial e a partir do 1 de xaneiro de 2003 ou cando tódolos consumidores teñan a condición de cualificados, tamén con produtores nacionais en réxime ordinario. Esta enerxía poderá venderse ós consumidores cualificados ou integrarse nos mercados diarios ou intradiarios existentes.

A obriga de comunicación ou, se é o caso, de autorización previa será de aplicación ás ditas formas de contratación.

No caso de que o comercializador contrate directamente cun produtor en réxime especial, o comercializador deberalle pagar directamente a prima regulada que lle corresponda polo tipo de instalación. A Comisión Nacional de Enerxía liquidaralle ó comercializador esta prima mensualmente».

Dous. O Goberno, mediante real decreto, poderá modifica-las novas formas de contratación de enerxía eléctrica que se establecen no número un do presente artigo.

Artigo 22. *Aplicación da tarifa de acceso do chanzo 6 de tensión a determinados consumidores cualificados.*

Un. Os consumidores cualificados que queiran optar á aplicación da tarifa de acceso correspondente ó chanzo de tensión 6 (tarifa denominada de conexións internacionais), que se regula no Real decreto 2820/1998, do 23 de decembro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes, deberán cumprir-los seguintes requisitos:

1. Exerce-la súa condición de cualificados para a totalidade do seu consumo.

2. Ter un volume de consumo anual no período tarifario 6 dos definidos no Real decreto 2820/1998, do 23 de decembro, polo que se establecen tarifas de acceso, igual ou superior a 50 GWh.

3. Adquiri-lo compromiso de conectarse a tensións máis elevadas, maiores de 145 kV, se o sistema o require e a empresa eléctrica o fai fisicamente posible.

4. Xestiona-los equipos de corrección de enerxía reactiva por solicitude de «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», en condicións de aviso previo suficiente e acordado, que aprobará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

5. Dispor de relé de frecuencia de desconexión automática instalado para o caso de fallo do sistema. As condicións para a desconexión automática que serán previamente fixadas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e posteriormente acordadas con «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima»,

Dous. O procedemento que seguirá o consumidor cualificado para poder aplica-la tarifa de acceso do chanzo 6 de tensión será o seguinte:

1. Presentación a «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», do certificado de consumo no ano anterior correspondente ó período 6 emitido pola empresa distribuidora á que estea conectado.

2. Asinamento con «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», dos acordos sobre xestión dos equipos de corrección de enerxía reactiva e condicións para a desconexión automática a que fan referencia os parágrafos 4 e 5 do número un do presente artigo.

3. Presentación dos acordos que recolle o parágrafo anterior á empresa distribuidora á que estea conectado o consumidor xunto co compromiso asinado a que fai referencia o parágrafo 3 do número un do presente artigo.

4. Instalación de relé de frecuencia de desconexión automática que será comunicado a «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», para poder efectua-las probas de funcionamento correspondentes.

5. Subscrición do contrato de acceso coa empresa distribuidora á que estea conectado. Este contrato non poderá entrar en vigor ata que a empresa distribuidora lle comunique á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a data en que se vai inicia-lo contrato, que en ningún caso poderá ser antes de que transcorran dez días desde a data da dita comunicación, que deberá ir acompañada dos parámetros de contratación e de fotocopia de toda a documentación presentada para a sinatura do contrato á que se fai referencia nos parágrafos 1 a 5 do número dous do presente artigo.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá nega-la aplicación desta tarifa se non se cumpriren os requisitos impostos para a súa aplicación ou se detectaren irregularidades ou incumprimentos na súa aplicación. Isto último poderá supo-la refacturación a tarifa de acceso xeral de alta tensión correspondente á tensión de subministración ó consumidor cualificado desde a entrada en vigor do contrato.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá solicitarlles ás empresas distribuidoras información individualizada sobre datos de contrato, consumo e facturación destes contratos. «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», informará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas da aplicación dos acordos que asinen con cada un destes consumidores sobre xestión de enerxía reactiva e desconexión automática.

Tres. Nestes casos, o termo de facturación de potencia da tarifa de acceso calcularase de acordo co disposto de forma xeral no artigo 12 do Real decreto 2820/1998, quedando excluídos da aplicación de particularidade prevista para efectos de consideración de potencia contratada no número 3 do artigo 4 do citado real decreto para os contratos de conexións internacionais.

Catro. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer para os consumidores cualificados que cumpran os requisitos impostos no número un do presente artigo mecanismos de ofertas retribuídas no mercado organizado de produción de servicios complementarios e xestión de demanda. Estes mecanismos de ofertas retribuídas poderán estar recollidos nos acordos subscritos con «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», que se establecen nos números dous e tres do presente artigo.

Cinco. Facúltase o ministro de Economía para modificar os requisitos e condicións de aplicación da tarifa de acceso do chanzo 6 de tensión que se regula no presente artigo.

Artigo 23. *Reducción do importe que cobrarán en concepto de garantía de potencia os produtores desde 1,15 pesetas/kWh a 0,80 pesetas/kWh.*

Un. Modifícase o número 2 do artigo 1 do Real decreto 2066/1999, do 30 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica para o 2000, que queda redactado da forma seguinte:

«O valor de 1,3 pesetas/kWh, que figura no punto terceiro da orde do 17 de decembro de 1998, pola que se modifica a do 29 de decembro de 1997, que desenvolve algúns aspectos do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, para fixa-lo importe que cobrarán en concepto de garantía de potencia os produtores, desde o 1 de xullo do ano 2000 tomará o valor de 0,80 pesetas/kWh.»

Dous. Autorízase o Goberno a modificar, mediante real decreto, o importe da contía que cobrarán en concepto de garantía de potencia os produtores, que se regula no presente artigo.

Artigo 24. *Modificación dos dereitos de cobramento e obrigas de pagamento en concepto de garantía de potencia.*

Un. Modifícase o número 1 do punto primeiro da orde do 17 de decembro de 1998, que queda redactado da seguinte forma:

«De acordo co previsto no artigo 24 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de enerxía eléctrica, terán dereito ó cobramento por garantía de potencia as unidades de produción de enerxía eléctrica do réxime ordinario que estean obrigadas a presentar ofertas no mercado de produción sempre que acrediten un funcionamento mínimo de catrocentas oitenta horas anuais a plena carga ou equivalentes se non funciona a plena carga.»

Dous. O número 1 do punto quinto da parte dispositiva da orde do 17 de decembro de 1998 queda redactado como a continuación se transcribe:

«Pagamento por garantía de potencia do comercializador para a súa venda a consumidores cualificados ou para a exportación, consumidor cualificado ou axente externo que adquiren a súa enerxía no mercado de produción.

Será a suma dos termos mensuais de cada período tarifario de acordo coa definición do último parágrafo deste número que resultan de multiplicar a demanda de enerxía elevada a barras de central adquirida no mercado de produción polo prezo unitario da garantía de potencia, tal como se detalla na seguinte fórmula:

$$PGP(c/m.) = \sum_{i=1}^i X_i \times D_{bc}(c/m.)_i$$

Sendo:

PGP (c/m.) = Pagamento por garantía de potencia do comercializador, consumidor cualificado ou axente externo c no mes m pola enerxía adquirida no mercado de produción.

$D_{bc}(c/m.)_i$ = Demanda de enerxía elevada a barras de central adquirida no mercado de produción polo comercializador para a súa venda a consumidores cualificados ou para a exportación, consumidor cualificado ou axente externo no mes m e no período tarifario i.

X = Prezo unitario por garantía de potencia X que para cada período tarifario i dependendo da diferenciación de períodos tarifarios da tarifa de acceso que aplique, toma os seguintes valores:

VALORES DE X_i EN PTA/kWh

Enerxía adquirida por clientes acollidos a tarifas de acceso de seis períodos:

Período 1	$X_1 = 1,3$
Período 2	$X_2 = 0,6$
Período 3	$X_3 = 0,4$
Período 4	$X_4 = 0,3$
Período 5	$X_5 = 0,3$
Período 6	$X_6 = 0,0$

Enerxía adquirida por clientes acollidos a tarifas de acceso de tres períodos:

Período 1 (punta)	$X_1 = 1,3$
Período 2 (chan)	$X_2 = 0,7$
Período 3 (val)	$X_3 = 0,0$

Enerxía adquirida por clientes acollidos a tarifa de acceso de dous períodos:

Período 1 (punta e chan)	$X_1 = 2,2$
Período 2 (val)	$X_2 = 0$

Enerxía adquirida por clientes acollidos a tarifa dun só período:

Período 1 (punta, chan e val)	$X_1 = 2,2$
-------------------------------	-------------

Os períodos tarifarios, i, serán os definidos para as tarifas de acceso establecidas no Real decreto 2820/1998, do 23 de decembro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes.»

Tres. Modifícanse as horas punta, chan e val definidas no punto 1.d) do artigo 8 establecidas no Real

decreto 2820/1998, do 23 de decembro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes, quedando establecidas para as zonas 1, 2, 3 e 4 da forma seguinte:

Para o tipo 3 de discriminación horaria:

Inverno:

Punta: das 18 ás 22 horas.

Chan: das 8 ás 18 horas e das 22 ás 24 horas.

Val: das 0 ás 8 horas.

Verán:

Punta: das 9 ás 13 horas.

Chan: das 8 ás 9 horas e das 13 ás 24 horas.

Val: das 0 ás 8 horas.

Para o tipo 4 de discriminación horaria:

Inverno:

Punta: das 16 ás 22 horas.

Chan: das 8 ás 16 horas e das 22 ás 24 horas.

Val: das 0 ás 8 horas.

Verán:

Punta: das 8 ás 14 horas.

Chan: das 14 ás 24 horas.

Val: das 0 ás 8 horas.

Cuarto. Facúltase o ministro de Economía para modifica-los dereitos de cobramento e obrigas de pagamento por garantía de potencia, así como os horarios concretos de aplicación das tarifas de acceso ás redes que se regulan no presente artigo.

Artigo 25. *Dereito ó cobramento da prima ó consumo de carbón autóctono.*

Un. Engádese un novo número ó final do artigo 15 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento, coa seguinte redacción:

«Cando a media ponderada mensual do prezo horario final dun destes grupos, en pesetas/kWh, sexa superior ó prezo medio considerado no real decreto de tarifas e prezos de cada ano, máis a prima específica por consumo de carbón autóctono, este grupo perderá o dereito á percepción da dita prima específica.

Cando a media ponderada mensual do prezo horario final dun destes grupos, en pesetas/kWh, sexa inferior ó prezo medio considerado no real decreto de tarifas e prezos de cada ano, o dito grupo terá dereito á percepción da totalidade da prima específica por consumo de carbón autóctono.

Cando a media ponderada mensual do prezo horario final dun destes grupos, en pesetas/kWh, sexa superior ó prezo medio considerado no real decreto de tarifas e prezos de cada ano e inferior ó dito prezo medio máis a prima específica, o dito grupo terá dereito á percepción dunha parte da prima específica ata alcanza-lo tope máximo do prezo medio considerado no real decreto de tarifas e prezos de cada ano máis a totalidade da prima específica.

O prezo de mercado citado nos parágrafos anteriores será o prezo medio no mercado de produción

dos xeradores en réxime ordinario, incluídos os servizos complementarios e a garantía de potencia, que se publicará nos reais decretos de tarifas e prezos do ano correspondente. Para o ano 2000 este prezo medio considerado foi de 5,85 pesetas/kWh.»

Dous. Autorízase o Goberno a modificar, mediante real decreto, os criterios de reparto da asignación por consumo de carbón autóctono.

Artigo 26. *Novas formas de contratación.*

Engádese unha disposición adicional cuarta no Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, coa seguinte redacción:

«O ministro de Economía, antes do 1 de novembro de 2000, establecerá novas formas de contratación da subministración a prazo, ata un horizonte máximo dun ano, que se integrarán no mercado de produción de enerxía eléctrica.

Para isto fixará os axentes que poden asumir a posición compradora ou vendedora, a antelación mínima con que deben presentárselle as ofertas ó operador do mercado, o horizonte e período de programación, o réxime de operación, que poderá ter carácter continuo ou de casacións sucesivas e a forma de determina-los prezos.»

Artigo 27. *Control da enerxía para determinados consumidores cualificados.*

Ata que o Goberno, mediante real decreto, estableza os requisitos dos equipos de medida para os consumidores cualificados cun consumo inferior a 750 MWh ó ano, estes consumidores poderán comezar a exercer-lo seu dereito, se dispoñen de equipos de medida con función maxímetro e capacidade de subministra-los datos mínimos requiridos para determina-la curva horaria de enerxía activa e reactiva, aínda que estes equipos non cumplan o resto de requisitos esixibles polo Regulamento de puntos de medida e as súas instrucións técnicas complementarias.

Artigo 28. *Publicidade de información polos operadores do sistema e mercado.*

Un. As previsións da demanda realizadas polo operador do sistema, referiranse a meses completos e publicaranse nos primeiros quince días do mes anterior a aquel ó que se refire a previsión.

O operador do mercado fará público o resultado da casación dos mercados diario e intradiario.

O operador do sistema fará público o resultado dos procesos de operación técnica da súa responsabilidade.

O operador do mercado e o operador do sistema, no ámbito das súas respectivas competencias, farán públicos os datos agregados comprensivos de volumes e prezos, así como os datos relativos ás capacidades comerciais, intercambios intracomunitarios e internacionais por fronteira e, se é o caso, por país, así como as curvas agregadas de oferta e demanda correspondentes.

En todo caso, o operador do mercado e o operador do sistema garantirán o segredo da información de carácter confidencial posta á súa disposición polos axentes do mercado, tal e como establecen os números 2.f) do artigo 27 e 2.k) do artigo 30 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.

Dous. Facúltase o Ministerio de Economía para modifica-las obrigas de publicidade de información dos operadores do sistema e mercado que se regulan no número un do presente artigo.

TÍTULO II

Defensa da competencia

CAPÍTULO I

Control de concentración

Artigo 29. *Suspensión da execución da operación.*

Modifícase o artigo 15 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 15. *Notificación de operacións de concentración.*

1. A notificación das operacións de concentración que entren no ámbito de aplicación do artigo 14 da presente lei deberá presentarse no Servizo de Defensa da Competencia previamente á súa realización.

2. A operación de concentración non poderá levarse a cabo, nin antes de ser notificada, nin antes de que a Administración manifieste, de forma expresa ou presunta, a súa non oposición a ela, ou a subordine á observancia de condicións determinadas, nos termos establecidos no artigo 17.

Cando a operación de concentración se materialice mediante a formulación dunha oferta pública de adquisición de accións admitidas a negociación nunha bolsa de valores, unha vez autorizada a oferta pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, non se publicarán os anuncios relativos a ela nin comezará o prazo de aceptación mentres non recaia a autorización expresa ou presunta da Administración. En caso de que a suspensión da execución se levante nos termos establecidos no seguinte parágrafo, aplicarase o disposto no artigo 37 do Real decreto 1197/1991, do 26 de xullo, sobre réxime das ofertas públicas de adquisición de valores.

O ministro de Economía, na resolución na que se acorde a remisión do expediente ó Tribunal de Defensa da Competencia, poderá levanta-la suspensión da execución da operación prevista neste número, por proposta do Servizo de Defensa da Competencia, e a pedimento do notificante, que deberá presentarse xunto coa notificación. A resolución dictarase logo de ponderación dos prexuízos que da suspensión se poidan derivar para a operación, e dos que da súa execución se poidan xerar para os competidores ou para a libre concorrencia. A resolución na que se levante a suspensión poderá supedita-la súa efectividade ó cumprimento de determinadas condicións por parte do notificante. En todo caso, a operación quedará suxeita ó disposto no artigo 17.

A execución da operación en contravención do establecido no presente número será sancionada coa multa establecida no artigo 18.3 da presente lei, e non lle será de aplicación a esta a autorización tácita prevista nos artigos 15 bis, 2, e 17.2 da presente lei. A instrución do expediente corresponderalle ó Servizo de Defensa da Competencia e a imposición da sanción ó ministro de Economía.

3. O feito da notificación será público.

4. Determinarase regulamentariamente a forma e contido da notificación na cal constarán, en todo caso, os datos necesarios para poder apreciar a natureza e efectos da operación.

5. Con carácter previo á presentación da notificación poderá formularse consulta ó Servizo sobre se unha determinada operación supera os limiares mínimos de notificación obrigatoria previstos no número 1 do artigo 14 desta lei.

6. A notificación das operacións de adquisición de accións admitidas a negociación nunha bolsa de valores cando, de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 24/1988, do mercado de valores, sexa preceptiva a realización dunha oferta pública de adquisición, será obxecto de procedemento específico determinado regulamentariamente.»

Artigo 30. *Iniciación de oficio.*

Modifícase o número 4 do artigo 15 bis da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado da seguinte forma:

«4. No caso de que un proxecto ou operación de concentración entre empresas que supera os limiares establecidos no artigo 14 da presente lei non fose notificado ó servizo, este, de oficio, poderá requirir-las empresas para que efectúen a correspondente notificación nun prazo non superior a vinte días contados desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen ser presentada a notificación, o director do servizo, oídas as partes, poderá impo-la sanción prevista no número 2 do artigo 18 desta lei, así como acorda-la iniciación de oficio do expediente de concentración.

Non se beneficiarán da posibilidade dunha autorización tácita aquelas operacións notificadas por requirimento do servizo.

Artigo 31. *Esixibilidade da taxa.*

Modifícase o número 5 do artigo 57 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado da seguinte forma:

«5. A esixibilidade da taxa producirase cando o suxeito pasivo presente a notificación prevista no artigo 15 desta lei, pola que se inicia a actividade ou o expediente administrativo.»

Artigo 32. *Prazo para o dictame do Tribunal de Defensa da Competencia.*

1. Modifícase o primeiro inciso do número 1 do artigo 16 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Unha vez remitido o expediente ó Tribunal de Defensa da Competencia, este deberá emitilo seu dictame sobre a operación antes de dous meses.»

2. Modifícase o número 1 do artigo 15 bis da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado da seguinte forma:

«O ministro de Economía, por proposta do Servizo de Defensa da Competencia, remitiralle ó Tribunal de Defensa da Competencia os expedientes daqueles proxectos ou operacións de concentración notificados polos interesados que considere que poden obstaculiza-lo mantemento dunha competencia efectiva no mercado, para que aquel, logo de audiencia, se é o caso, dos interesados dictamine ó respecto.»

Artigo 33. Prazo para a decisión do Goberno.

Modifícase o artigo 17 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 17. Competencia do Goberno.

1. O Tribunal de Defensa da Competencia remitiralle o seu dictame ó ministro de Economía para que llo dirixa ó Goberno, que no prazo máximo dun mes poderá decidir:

- a) Non oporse á operación de concentración.
- b) Subordina-la súa aprobación á observancia de condicións que acheguen ó progreso económico e social unha contribución suficiente para compensar os efectos restrictivos sobre a competencia.
- c) Declarala improcedente, estando facultado para:

1. Ordenar que non se proceda a ela, en caso de que non se iniciase.

2. Ordena-las medidas apropiadas para o establecemento dunha competencia efectiva, incluída a desconcentración.

Se transcorrido o prazo dun mes desde que se reciba o dictame do Tribunal ou desde que finalice o prazo previsto para que este emita o seu dictame, o Consello de Ministros non adoptase a súa decisión, a operación entenderase tacitamente autorizada.»

CAPÍTULO II**Participacións empresariais****Artigo 34. Limitación á participación en máis dun operador principal.**

1. As persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente, participen no capital de dúas ou máis sociedades que teñan a condición de operador principal nun mesmo mercado ou sector de entre os que se sinalan no número seguinte nunha proporción superior ó 3 por 100 do total do capital ou dos dereitos de voto, non poderán exercer os dereitos de voto correspondentes ó exceso respecto da dita porcentaxe en máis dunha sociedade, sen prexuízo do que se dispón no número 4 do presente artigo.

Para estes efectos, consideraranse posuídas ou adquiridas por unha mesma persoa física ou xurídica:

a) As accións ou outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes ó seu mesmo grupo tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores;

b) As accións ou outros valores posuídos ou adquiridos polas demais persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión.

Entenderase, agás proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma concertada con ela os membros do seu órgano de administración.

En todo caso terase en conta tanto a titularidade dominial das accións e demais valores como os dereitos de voto que se teñan en virtude de calquera título.

As persoas físicas ou xurídicas ás que se lles impute o exceso referido no parágrafo primeiro deste número comunicaranlle no prazo dun mes desde que se produza a referida circunstancia á Comisión Nacional da Enerxía ou á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, segundo corresponda por razón de materia, a sociedade

respecto da que se pretenda exercer os dereitos de voto sen ningunha restricción. Transcorrido o prazo indicado sen que se efectuase a citada comunicación quedarán suspendidos en canto ó exceso do 3 por 100 os dereitos de voto de tódalas sociedades participadas.

2. Os mercados ou sectores ós que se refire o número anterior son os seguintes:

- a) Xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.
- b) Producción, transporte e distribución de hidrocarburos líquidos.
- c) Producción, transporte e distribución de hidrocarburos gasosos.
- d) Telefonía portátil.
- e) Telefonía fixa.

Entenderase por operador principal calquera que, tendo a condición de operador dos ditos mercados ou sectores, posúa unha das cinco maiores cotas do mercado ou sector en cuestión.

O Goberno poderá, mediante real decreto, modificar a relación de mercados ou sectores contida no presente número.

3. Sen prexuízo do disposto no número 1, ningunha persoa física ou xurídica poderá designar, directa ou indirectamente, membros dos órganos de administración de máis dunha sociedade que teña a condición de operador principal no mesmo mercado ou sector de entre os sinalados no número anterior.

4. A Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderán autorizar, cada unha no ámbito das súas respectivas competencias, o exercicio dos dereitos de voto correspondentes ó exceso respecto das participacións sinaladas no número 1 ou a designación de membros do órgano de administración á que se refire o número 3, sempre que isto non favoreza o intercambio de información estratéxica entre operadores nin implique risco de coordinación dos seus comportamentos estratéxicos.

Regulamentariamente determinarase a forma e o procedemento a través dos cales se concederán as autorizacións previstas neste número.

5. O disposto neste precepto enténdese sen prexuízo do establecido nas normas sectoriais aplicables en cada caso.

6. A Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións están lexitimadas, dentro das súas respectivas competencias, para o exercicio das accións tendentes a facer efectivas as limitacións que se recollen neste artigo.

TÍTULO III**Fe pública****Artigo 35. Aranceis notariais.**

1. En relación cos aranceis establecidos polo Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, e as súas modificacións posteriores, poderase efectuar un desconto de ata o 10 por 100.

2. Modifícase a letra f) do punto 2, número 1, do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, que queda redactada da seguinte forma:

«f) Polo que excede de 100.000.000 de pesetas ata 1.000.000.000 de pesetas: 0,3 por 1.000.

Polo que excede de 1.000.000.001 pesetas o notario percibirá a cantidade que libremente acorde coas partes outorgantes.»

3. As modificacións que a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei puidesen realizarse respecto dos aranceis a que se refire este artigo poderán efectuarse regulamentariamente de acordo coa normativa específica reguladora deles.

Artigo 36. Aranceis rexistráis.

1. Os aranceis dos rexistradores da propiedade, establecidos polo Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, e as súas modificacións posteriores, redúcense nun 5 por 100 no caso de constitución, modificación, subrogación e cancelación de préstamos e créditos con garantía hipotecaria e na compravenda de vivendas, e nun 15 por 100 no caso da inscrición de documentos previstos na lexislación urbanística nos que se formalicen actos de execución do planeamento dirixidos á preparación de solo urbanizado.

Os aranceis dos rexistradores mercantís, establecidos polo Decreto 757/1973, do 29 de marzo, e as súas modificacións posteriores, redúcense nun 5 por 100 nos supostos de constitución, modificación de estatutos, aumento e diminución de capital, fusión, escisión e depósito de contas de sociedades.

No suposto de que nas referidas disposicións regulamentarias, ou na normativa especial, se establezan algún tipo de rebaixas arancelarias, a redución prevista nesta norma aplicarase á cantidade que resulte unha vez deducida a rebaixa inicial.

2. Modifícase a letra f) do número 1, e engádese un inciso final, no número 2 do anexo I, do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, sobre arancel dos rexistradores da propiedade, que queda redactada da seguinte forma:

«f) Polo valor que exceda de 100.000.001 pesetas: 0,20 por 1.000.

En todo caso, o arancel global aplicable regulado neste número non poderá supera-las 363.000 pesetas.»

3. Modifícase a escala 8.^a e engádese un inciso final no número 5 do Decreto 757/1973, do 29 de marzo, sobre arancel dos rexistradores mercantís, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Escala 8.^a: polo que exceda de 1.000.000.000 de pesetas, o 0,005 por 100.

En todo caso, o arancel global aplicable regulado neste número non poderá supera-las 363.000 pesetas.»

4. As modificacións que a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei puidesen realizarse respecto dos aranceis a que se refire este artigo poderán efectuarse regulamentariamente de acordo coa normativa específica reguladora destes.

Artigo 37. Modificación da Lei 41/1980, do 5 de xullo, de medidas urxentes de apoio á vivenda.

Modifícase o artigo 8 da Lei 41/1980, do 5 de xullo, de medidas urxentes de apoio á vivenda, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8.

1. Os honorarios de notarios e rexistradores da propiedade terán unha redución dun 50 por 100 dos dereitos correspondentes, respectivamente, a escritura matriz, primeira copia e inscrición dos actos de contía referentes a vivendas cualificadas de protección oficial ou declaradas protexidas. Entenderanse incluídos nos ditos actos a adquisición do soar, as modificacións hipotecarias de predios, a declaración de obra nova, a división horizontal, os préstamos hipotecarios que obtivesen o carácter de cualificados conforme a normativa vixente e, en xeral, tódolos actos ou negocios xurídicos necesarios para que as vivendas queden dis-

poñibles para a súa primeira transmisión ou adxudicación.

2. A primeira transmisión ou adxudicación, así como, se é o caso, a subrogación no préstamo hipotecario cualificado, de cada unha das ditas vivendas gozará da expresada redución do 50 por 100 dos dereitos de matriz, primeira copia e inscrición; e tratándose de vivendas cunha superficie útil que non exceda de noventa metros cadrados será esixida exclusivamente e por tódolos conceptos a cantidade de 9.991 pesetas como dereitos do notario e 3.996 como dereitos do rexistrador da propiedade. Para gozar das bonificacións a que se refire este parágrafo precisarase que sexa a única vivenda do adquirente e que se destine á súa residencia habitual e permanente.

3. Cando a vivenda leve vinculada en proxecto e rexistralmente praza de garaxe e, se é o caso, rocho ou outros anexos, os honorarios suxeitos ós topes de 9.991 pesetas e 3.996 pesetas poderán incrementarse por tódolos conceptos en 1.500 e 1.000 pesetas, respectivamente, no caso do notario e en 1.000 e 500 pesetas, respectivamente, no caso do rexistrador da propiedade.

Cando se constituía garantía real no mesmo acto da primeira transmisión ou adxudicación para aseguralo pagamento do prezo adiado, a cantidade sinalada incrementarase, por tódolos conceptos, en 4.995 pesetas no caso do notario e en 1.998 pesetas no caso do rexistrador da propiedade.

O disposto neste artigo pasará a formar parte dos respectivos aranceis de notarios e rexistradores da propiedade e a súa revisión ou modificación acomodarase, en todo caso, ás disposicións vixentes na materia.

4. Os beneficios a que se refire este artigo enténdense sen prexuízo dos que fosen máis favorables, en función da lexislación a teor da cal se obtivo a cualificación das vivendas.»

TÍTULO IV**Outras medidas liberalizadoras****CAPÍTULO I****Libros de texto****Artigo 38. Libros de texto.**

1. Queda liberalizado o desconto que poderá aplicarse sobre o prezo de venda ó público dos libros de texto e do material didáctico complementario editados principalmente para o desenvolvemento e aplicación dos currículos correspondentes á educación primaria e á educación secundaria obrigatoria.

2. Entre os materiais didácticos a que se refire este artigo quedan comprendidos tanto os materiais complementarios para uso do alumno como os de apoio para o docente. Estes materiais poderán ser impresos ou utilizar outro tipo de soporte.

Non terán o carácter de material didáctico complementario, para os efectos do disposto no presente artigo, os que non desenvolvan especificamente o currículo dunha materia, aínda que sirvan de complemento ou axuda didáctica, tales como dicionarios, atlas, libros de lecturas, medios audiovisuais ou instrumental científico.

3. O disposto no número 1 será aplicable calquera que sexa a edición, reedición ou reimpresión.

4. Queda prohibida a utilización do libro como reclamo comercial para a venda de produtos de natureza distinta.

CAPÍTULO II

Colexios profesionais

Artigo 39. *Modificación da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, reguladora dos colexios profesionais.*

1. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 3, que queda redactado da seguinte forma:

«É requisito indispensable para o exercicio das profesións colexiadas estar incorporado ó colexio correspondente. Cando unha profesión se organice por colexios territoriais, abondará a incorporación a un só deles, que será o do domicilio profesional único ou principal, para exercer en todo o territorio do Estado, sen que poida ser esixido polos colexios no ámbito territorial dos cales non radique o dito domicilio ningunha habilitación nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que esixan habitualmente ós seus colexiados pola prestación dos servizos dos que sexan beneficiarios e que non se encontren cubertos pola cota colexial. O anterior enténdese sen prexuízo de que os estatutos xerais ou, se é o caso, os autonómicos poidan establecer a obriga dos profesionais que exerzan nun territorio diferente ó de colexiación de lles comunicaren ós colexios distintos ós da súa inscrición a actuación no seu ámbito territorial.»

2. Suprímese o número 3 do artigo 3 que queda sen contido.

CAPÍTULO III

Sistema financeiro

Artigo 40. *Información previa á formalización de préstamos hipotecarios.*

As entidades de crédito e as demais entidades financeiras deberán facer constar expresamente nos folletos informativos previos á formalización dos préstamos garantidos con hipoteca inmobiliaria destinados á adquisición de vivendas que subscriban con persoas físicas o dereito que asiste ó prestameiro para designar, de mutuo acordo coa parte prestamista, a persoa ou entidade que vaia levar a cabo a taxación do inmovible obxecto da hipoteca, a que se vaia encargar da xestión administrativa da operación, así como a entidade aseguradora que, se é caso, vaia cubri-las contingencias que a entidade prestamista esixa para a formalización do préstamo. En canto á designación do notario ante quen se vaia outorgar a correspondente escritura pública, aplicarase o disposto na lexislación notarial, debéndose facer constar expresamente esta circunstancia no mesmo folleto.

O incumprimento da obriga á que se refire o parágrafo anterior considerarase infracción ó preceptuado no parágrafo segundo do artigo 48 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención de entidades de crédito, e sancionarase conforme o disposto no seu título I.

Artigo 41. *Comisións das xestoras de fondos de investimento colectivo.*

1. Dáselle nova redacción ós artigos 45.3 e 52.1 do Real decreto 1393/1990, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo.

«Artigo 45. *Comisións.*

3. Non poderán percibirse comisións de xestión que superen os límites seguintes:

a) Cando a comisión se calcule unicamente en función do patrimonio do fondo, o 2,25 por 100 deste.

b) Cando se calcule unicamente en función dos resultados, o 18 por 100 destes.

c) Cando se utilicen ámbalas variables, o 1,35 por 100 do patrimonio e o 9 por 100 dos resultados.

Autorízase o ministro de Economía a variar as porcentaxes anteriores ata un máximo do 25 por 100 dos respectivos límites.

Artigo 52. *Comisións.*

1. Non poderán percibirse comisións de xestión que superen os límites seguintes:

a) Cando a comisión se calcule unicamente en función do patrimonio do fondo, o 1,0 por 100 deste.

b) Cando se calcule unicamente en función dos resultados, o 10 por 100 destes.

c) Cando se utilicen ámbalas variables, o 0,67 por 100 do patrimonio e o 3,33 por 100 dos resultados.

Autorízase o ministro de Economía a variar as porcentaxes anteriores ata un máximo do 25 por 100 dos respectivos límites.»

2. As modificacións que a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei puideren realizarse respecto das comisións das xestoras de fondos de investimento colectivo a que se refire este artigo poderán efectuarse regulamentariamente de acordo coa normativa específica reguladora delas.

CAPÍTULO IV

Labores do tabaco

Artigo 42. *Modificación da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.*

1. Engádese un número tres no artigo 2, coa seguinte redacción:

«Tres. Os fabricantes e, se é o caso, os importadores deberán garantir que os seus produtos cheguen a todo o ámbito territorial a que se refire o artigo 1, número un, sempre que exista demanda deles.»

2. Modifícase a letra c) do número tres do artigo 3, que queda redactada da seguinte forma:

«c) Posibilidade de utilización de medios de transporte, sexan propios ou alleos, que, en réxime de exclusiva dirección polo vendedor por xunto, permita a distribución dos labores ata as expendedoñas.»

3. Modifícase o número cinco do artigo 3, que queda redactado da seguinte forma:

«Cinco. O vendedor por xunto, subministrará os produtos a distribución dos cales realice con regularidade e con garantía de cobertura das subministracións, en similares condicións de servizo e prazos de entrega para tódolos expendedores.

Entenderase por regularidade, para os efectos deste artigo, a subministración polo menos coa periodicidade que se fixe nas normas regulamentarias e, ademais, sempre que o pedido alcance o mínimo que aquelas establezan aínda que non transcorrese o período máximo de subministración.»

CAPÍTULO V

Comercio interior

Artigo 43. *Horarios comerciais.*

Un. A liberdade absoluta de horarios e de determinación de días de apertura dos comerciantes non será de aplicación ata que o Goberno, conxuntamente co Goberno de cada unha das comunidades autónomas, así o decidan para o seu correspondente territorio, e non antes do 1 de xaneiro do ano 2005.

Ata que proceda, de acordo co establecido no presente artigo, a aplicación do mencionado réxime, rexerán as seguintes regras:

1. No exercicio das súas competencias, corresponderalles ás comunidades autónomas a regulación dos horarios para a apertura e peche dos locais comerciais, nos seus respectivos ámbitos territoriais, no marco da libre e leal competencia e con suxeición ós principios xerais sobre ordenación da economía que se conteñen no presente artigo.

2. O horario global no que os comercios poderán desenvolver-la súa actividade durante o conxunto de días laborables da semana será, como mínimo, de noventa horas.

Os domingos e días festivos nos que os comercios poderán permanecer abertos ó público serán, como mínimo: nove en 2001, dez en 2002, once en 2003 e doce en 2004.

O horario de apertura, dentro dos días laborables da semana, será libremente acordado por cada comerciante, respectando sempre o límite máximo do horario global que, se é o caso, se estableza. Tamén será libremente determinado o horario correspondente a cada domingo ou día festivo de cada actividade autorizada, sen que poida ser limitado a menos de doce horas.

A determinación dos domingos ou días festivos en que poderán permanecer abertos ó público os comercios, cos mínimos anuais antes sinalados, corresponderalle a cada comunidade autónoma para o seu respectivo ámbito territorial.

3. Os establecementos de venda de pastelería e repostería, pan, pratos preparados, prensa, combustibles e carburantes, florerías e plantas, e as denominadas tendas de conveniencia, así como as instaladas en puntos fronteirizos, en estacións e medios de transporte terrestre, marítimo e aéreo, e en zonas de gran afluencia turística terán plena liberdade para determina-los días e horas en que permanecerán abertos ó público en todo o territorio nacional.

Tamén terán plena liberdade para determina-los días e horas en que permanecerán abertos ó público en todo o territorio nacional os establecementos de venda de reducida dimensión distintos dos anteriores, que dispoñan dunha superficie útil para a exposición e venda ó público inferior a 300 metros cadrados, excluídos os que pertencen a grupos de distribución ou que operen baixo o mesmo nome comercial daqueles.

Entenderase por tendas de conveniencia aquelas que, cunha extensión útil non superior a 500 metros cadrados, permanezan abertas ó público, polo menos, dezoito horas ó día e distribúan a súa oferta, en forma similar, entre libros, xornais e revistas, artigos de alimentación, discos, vídeos, xoguetes, regalos e artigos varios.

A determinación das zonas turísticas ás que se refire a norma anterior, así como os períodos a que se contrae a aplicación de liberdade de apertura nelas, corresponderalle a cada comunidade autónoma para o seu respectivo ámbito territorial.

As oficinas de farmacia rexeranse pola súa normativa específica.

As comunidades autónomas poderán regula-los horarios comerciais dos establecementos dedicados exclusivamente á venda de produtos culturais, así como os que presten servicios desta natureza.

4. As comunidades autónomas establecerán o sistema sancionador aplicable ás infraccións e á normativa que dicten en relación con calendarios e horarios comerciais.

Non obstante o disposto anteriormente, en defecto de disposicións autonómicas sobre as materias reguladas neste artigo será de aplicación o disposto no artigo 2 da Lei orgánica 2/1996, do 15 de xaneiro, complementaria da de ordenación do comercio polo miúdo.

Dous. Naquelas zonas que teñan actualmente outorgada a cualificación de zonas turísticas manterase como mínimo o réxime de apertura comercial existente á entrada en vigor do presente real decreto lei.

CAPÍTULO VI

Mutuas e incapacidade temporal

Artigo 44. *Mutuas e incapacidade temporal.*

Para os exclusivos efectos das prestacións económicas da Seguridade Social, o disposto no parágrafo segundo do número 1 do artigo 131 bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, sobre expedición de altas médicas nos procesos de incapacidade temporal polos médicos adscritos ó Instituto Nacional da Seguridade Social, entenderase referido ós médicos das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto do persoal ó servizo dos asociados a estas nos termos que regulamentariamente se establezan.

Disposición adicional primeira. *Establecemento de tarifas e portaxes.*

Os prezos aplicados pola «Compañía Logística de Hidrocarburos, Sociedad Anónima» como contraprestación dos servicios prestados a clientes situados en territorios non peninsulares, revestirán a forma de tarifas ou portaxes que serán aprobadas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos por proposta do Ministro de Economía.

Disposición adicional segunda. *Derrogación da disposición transitoria cuarta do Real decreto 1199/1999.*

A derogación da disposición transitoria cuarta do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, consecuencia da modificación do artigo 3 da Lei 13/1998, do 4 de maio, introducida polo artigo 42 do presente real decreto lei, enténdese sen prexuízo da duración da condición recollida na letra b) do número 1 do acordo de Consello de Ministros, do 21 de xaneiro de 2000, polo que, conforme o disposto na letra b) do artigo 17 da Lei 16/1989, se decide subordinar á observancia de determinadas condicións a aprobación da operación de concentración consistente na fusión por absorción da «Compañía de Distribución Integral Logista, Sociedad Limitada» por parte de «Marco Ibérica de Distribución de Ediciones, Sociedad Anónima».

Disposición transitoria primeira. *Instalacións de subministración de produtos petrolíferos en grandes establecementos comerciais que dispoñan de licenzia municipal de apertura.*

Os grandes establecementos comerciais que á entrada en vigor do presente real decreto lei estean en funcionamento dispondon para o efecto da oportuna licenzia municipal de apertura, poderán incorporar entre os seus equipamentos, de acordo co disposto no artigo 3 do presente real decreto lei, unha instalación para a subministración de produtos petrolíferos, para o cal se terán en conta as seguintes regras:

a) O espazo que ocupen as instalacións e equipamentos que resulten imprescindibles para a subministración non computará para efectos de volume edificable nin de ocupación.

b) As licenzias municipais necesarias para a construción de instalacións e a súa posta en funcionamento entenderanse concedidas por silencio administrativo positivo se non se notifica a resolución expresa dentro dos corenta e cinco días seguintes á data da presentación da súa solicitude.

c) En todo caso, o establecemento comercial deberá custear e executar as infraestructuras de conexión da instalación de subministración de produtos petrolíferos cos sistemas xerais exteriores de acordo cos requisitos e condicións que estableza o planeamento.

Disposición transitoria segunda. *Redución de portaxes e canons.*

No prazo dun mes, o Ministerio de Economía enviará á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos para a súa aprobación unha orde ministerial que reduza nun 8 por 100 as portaxes e canons aprobados pola orde do 9 de marzo de 2000 sobre portaxes e canons de acceso de terceiros ás instalacións de recepción, regasificación, almacenamento e transporte de gas natural.

As portaxes e canons que fixe a nova orde serán de aplicación mentres non se aprobe o sistema económico integrado do sector gas natural a que fai referencia o artigo 8 do presente real decreto lei.

Disposición transitoria terceira. *Redución de tarifas eléctricas para consumidores domésticos.*

As tarifas de baixa tensión 2.0 e 2.0.N (con discriminación horaria nocturna) que aplican as empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, diminuíranse, como máximo, nun 9 por 100 durante o período 2001-2003.

Durante este período, a revisión desas tarifas deberá tomar en consideración a evolución dos tipos de xuro, a demanda eléctrica e o reparto de eficiencia debida á competencia. Determinarase regulamentariamente o método de aplicación dos citados criterios.

Disposición transitoria cuarta. *Suspensión da execución da operación de concentración.*

As operacións de concentración que se estean executando á entrada en vigor do presente real decreto lei someteranse ó réxime de notificación establecido na normativa anterior, aínda que serán aplicables a estas as disposicións do presente real decreto lei relativas á iniciación de oficio, esixibilidade da taxa e prazos de emisión do dictame do Tribunal de Defensa da Competencia e de decisión polo Goberno.

Disposición transitoria quinta. *Participacións empresariais.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor do presente real decreto lei as persoas físicas ou xurídicas que incorran nas prohibicións establecidas nos números 1 e 3 do artigo 34 deberán realizar a comunicación prevista no número 1 e, se é o caso, adoptar as medidas necesarias para eliminar a circunstancia prohibida no número 3, sen prexuízo da posibilidade de solicitar a autorización prevista no número 4.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

O disposto no título I do presente real decreto lei ten o carácter de normas básicas dictadas ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución.

O disposto no título II do presente real decreto lei ten o carácter de lexislación de aplicación xeral dictada ó abeiro do artigo 149.1.6.^a e 13.^a da Constitución.

O disposto no título III do presente real decreto lei ten o carácter de lexislación de aplicación xeral dictada ó abeiro do artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución.

O disposto no capítulo I do título IV do presente real decreto lei ten o carácter de lexislación de aplicación xeral dictada ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución.

O disposto no capítulo II do título IV do presente real decreto lei ten o carácter de lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 18.^a da Constitución.

O disposto no capítulo III do título IV do presente real decreto lei ten o carácter de lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución.

O disposto no capítulo IV do título IV do presente real decreto lei ten o carácter de lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 14.^a da Constitución.

O disposto no capítulo V do título IV do presente real decreto lei ten o carácter de lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149.1.1.^a e 13.^a da Constitución.

O disposto no capítulo VI do título IV do presente real decreto lei ten o carácter de lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149.1.7.^a e 17.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira.

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ